



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE410A 2011/8-1
Entidade	CONFRARÍA DE FERROL	
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	<i>Lumbrineris impatiens, Hediste diversicolor, Arenicola marina, Diopatra neapolitana</i>
Ambito do plan	De faro de Frouxeira a punta da Faísca
Subzonas de explotación	Zona A: dende a ponte do tren ata Castelo San Carlos Zona B: dende Castelo San Carlos ata cabo Prioriño Grande Zona C: dende cabo Prioriño Grande ata cabo Prior Zona D: dende cabo Prior ata o faro de punta Frouxeira

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	6	6
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	-	6

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	129 (de maio ao 31 de outubro)											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	Zonas A e B											
Modalidade⁽³⁾	mergullo con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
				X	X				X	X		
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	Zonas C e D											
Modalidade⁽³⁾	mergullo con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
					X	X	X	X				

Topes de captura ⁽⁶⁾		
Especies	A pé (indiv/mariscador/día)	Embarcación (indiv/mergullador/día)
<i>Lumbrineris impatiens, Hediste deversicolor, Arenicola marina, Diopatra neapolitana</i>	-	800 en total

Artes a empregar	mergullo con subministro de aire dende superficie
Puntos de control	Peirao de Ferrol
Puntos de venda	Puntos de venda autorizados



Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Na relación anexa ao plan figuran as 6 embarcacións asociadas á confraría de Ferrol que contan co recurso específico poliqueto no seu permex, cun total de 10 mergulladores cando segundo os datos desta Consellería a estas embarcacións correspóndenlles unicamente 6 cotas, unha por embarcación.

Ampliación: Reitérase a solicitude de ampliación do número mergulladores xa aprobada para o ano 2010 e que non se levou a cabo posto que a confraría non solicitou o inicio do procedemento. Por motivos de seguridade e rendibilidade da explotación, autorízase a ampliación de 6 novas cotas para as embarcacións participantes neste plan, de xeito que cada unha teña a posibilidade de contar con 2 mergulladores habilitados.

Xestión da explotación: A explotación deste recurso desenvolverase de maio ao outubro, establecendo unha rotación das subzonas nas que se divide o ámbito do plan:

- Zonas A e B: de maio ao 15 de xuño e do 16 de setembro ao 31 de outubro.
- Zonas C e D: do 16 de xuño ao 15 de setembro.

Cotas máximas de captura: O tope de captura queda establecido por **mergullador con dereito a cota enrolado, a bordo e día**.

Puntos de control: Establécese un único punto de control, aínda que non se define o seu funcionamento nin se designan as persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Comercialización: A normativa sanitaria non permite a comercialización nas lonxas de produtos que non sexan susceptibles de consumo humano, polo que non se pode realizar a venda de poliquetos na instalación da lonxa de Ferrol. Recoméndase a venda directa como mellor xeito de comercialización deste produto.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Mergullo: Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011**.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase a elaboración do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.



Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Xustificación da consulta ao sector para a elaboración do plan.
- Certificación de aprobación do plan polos órganos de goberno da confraría.
- Normas de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables.